

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL IGUALDADE E A FUNDACIÓN DE SOLIDARIDAD AMARANTA PARA O MANTEMENTO DUN RECURSO DE ACOLLIDA EN OURENSE PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade formalizou con data 16 de maio de 2024 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación de Solidariedade Amaranta para o mantemento dun centro de acollida para mulleres que sofren violencia de xénero, así como as súas fillas e fillos menores, derivados dende a coordinación da Rede galega de Acollemento.

Ten como finalidade proporcionar apoio, aloxamento, manutención e atención integral a estas e as súas fillas e fillos, garantíndolles un espazo de protección e de recuperación.

Ofrécese un servizo de acollida onde se realiza unha intervención integral con mulleres ou unidades familiares vítimas de violencia de xénero. Desenvólvense procesos de recuperación persoal e incorporación social que pretenden unha estabilización e unha posterior integración da muller e os menores na comunidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Fundación de Solidariedade Amaranta é unha organización sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos:

- Contribuír ao pleno desenvolvemento dos dereitos das mulleres en todo o mundo especialmente promovendo o acceso aos mesmos, daquelas en situacións de maior vulnerabilidade ou exclusión social.



- Traballar a favor da incorporación social e laboral das mulleres que se atopan en contextos de prostitución, tráfico e trata para a súa explotación e outras situacións de exclusión.
- Contribuír ao cambio social a través da sensibilización e a denuncia de estruturas que non respectan os Dereitos Humanos, especialmente os dereitos sociais, políticos, económicos e culturais das mulleres.
- Coñecer e analizar a realidade social das mulleres en situación de exclusión social contribuíndo de forma especial ao estudio permanente do fenómeno da prostitución e a trata de mulleres.

Ademais, e na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais, é titular dun centro de acollida de transición á vida autónoma para mulleres, acondicionado e autorizada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, e cumpre os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Fundación de Solidariedade Amaranta para o financiamento do mantemento dun centro de acollida para mulleres que sofren violencia de xénero, así como as súas fillas e fillos menores, derivados dende a coordinación da Rede galega de Acollemento.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario. Cómpre sinalar que na provincia de Ourense non existe ningún recurso de acollida para mulleres que sofren violencia e xénero, o que provoca que as mulleres desta zona se vexan privadas do dereito á asistencia social integral que lles garante a Lei. O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por esta entidade, leva á Consellería de Política Social e Igualdade a establecer a presente liña de colaboración.



De conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio posto que a Fundación de Solidaridad Amaranta, é a única entidade titular dun centro de acollida para mulleres na provincia de Ourense, acondicionado e autorizado para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, e cumpre os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

